XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

CMPM001

# Matemáticas

Parte matemática

# 1. Formato da proba

## Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

## Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.
- Non se permite o uso de calculadora.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.

# 2. Exercicio

## Cuestións

*Cuestiones*

### 1. Calcule o termo $a_{10}$ da sucesión que ten o seguinte termo xeral.

$$a_n = \frac{-n^2}{5} + 4n$$

*Calcule el término $a_{10}$ de la sucesión que tiene el siguiente término general.*

**A** $a_{10} = 20$

**B** $a_{10} = 40{,}5$

**C** $a_{10} = 60$

### 2. Calcule:

$$5^{-2} \cdot 5^{-1}$$

*Calcule:*

**A** $\frac{6}{25}$

**B** $5^{-3}$

**C** $-15$

### 3. Ordene de menor a maior os seguintes tres números:

$$2^0, (-2)^3, -2^4$$

*Ordene de menor a mayor los siguientes tres números:*

**A** $-2^4 < (-2)^3 < 2^0$

**B** $(-2)^3 < -2^4 < 2^0$

**C** $(-2)^3 < 2^0 < -2^4$

**4.** Indique cal das expresións é equivalente á seguinte expresión alxébrica:

$$2\cdot\frac{3x}{4}-\frac{5x-6}{2}$$

*Indique cuál de las expresiones es equivalente a la siguiente expresión algebraica:*

**A** $-x+12$

**B** $3-x$

**C** $\frac{-7x-12}{4}$

**5.** Resolva a ecuación:

$$10-\frac{x+4}{4}=3+2x$$

*Resuelva la ecuación:*

**A** $x=-4$

**B** $x=\frac{8}{3}$

**C** $x=\frac{2}{5}$

**6.** Indique cal das seguintes ecuacións resolve o problema: "Xiana ten trinta anos máis que a súa filla Noa, e dentro de sete anos terá o triplo de anos ca ela. Que idade ten Noa?" (x= idade de Noa).

*Indique cuál de las siguientes ecuaciones resuelve el problema: "Xiana tiene treinta años más que su hija Noa, y dentro de siete años tendrá el triple de años que ella. ¿Qué edad tiene Noa? "(x= edad de Noa).*

**A** $x+37=3(x+7)$

**B** $3(x+30)=x+7$

**C** $x+30=3x+7$

**7.** En 2022, o tamaño do mercado de aceite de oliva a nivel mundial ascendía a aproximadamente 14500 millóns de dólares estadounidenses. Estímase que nos seguintes anos experimente unha tendencia crecente constante ata alcanzar os 20500 millóns en 2032. Se *X* representa os anos transcorridos desde o ano 2022 e *Y* representa o tamaño do mercado en miles de millóns de dólares, indique cal é a función que relaciona as dúas variables.

*En 2022, el tamaño del mercado de aceite de oliva a nivel mundial ascendía a aproximadamente 14500 millones de dólares estadounidenses. Se estima que en los siguientes años experimente una tendencia creciente constante hasta alcanzar los 20500 millones en 2032. Si X representa los años transcurridos desde el año 2022 e Y representa el tamaño del mercado en miles de millones de dólares, indique cuál es la función que relaciona las dos variables.*

**A** $y=\frac{4}{5}x+\frac{29}{2}$

**B** $y=0,6\,x+14,5$

**C** $y=0,4\,x^2+0,2\,x+14,5$

**8.** Paguei 24 € por unha camiseta que tiña aplicado un 20 % de desconto no seu prezo. Cal era o prezo inicial da camiseta?

*Pagué 24 € por una camiseta que tenía aplicado un 20 % de descuento en su precio. ¿Cuál era el precio inicial de la camiseta?*

**A** 40 €

**B** 28,8 €

**C** 30 €

**9.** As notas do primeiro e do segundo exame de matemáticas representan o 40 % e o 60 %, respectivamente, da nota final. Se obtiven un 5 no primeiro exame, que nota debo sacar no segundo exame para conseguir un 8 na nota final?

*Las notas del primero y del segundo examen de matemáticas representan el 40 % y el 60 %, respectivamente, de la nota final. Si obtuve un 5 en el primer examen, ¿qué nota debo sacar en el segundo examen para conseguir un 8 en la nota final?*

**A** 10

**B** 9

**C** 8

**10.** Fátima gastou 75 € en encher o depósito de gasolina antes de saír de viaxe en coche con Álex, Mateo, Mónica e Lucas. Ao seu regreso aínda quedaban 2/5 do depósito. Se deciden compartir os gastos de gasolina entre todos, canto lle debe achegar cada amigo a Fátima?

*Fátima gastó 75 € en llenar el depósito de gasolina antes de salir de viaje en coche con Álex, Mateo, Mónica y Lucas. A su regreso aún quedaban 2/5 del depósito. Si deciden compartir los gastos de gasolina entre todos, ¿cuánto debe aportar cada amigo a Fátima?*

**A** 12 €

**B** 6 €

**C** 9 €

**11.** Estímase en $8 \cdot 10^9$ persoas a poboación mundial do ano pasado. Se a produción mundial anual de carne do pasado ano foi de $3{,}6 \cdot 10^{11}\,kg$ , cal foi o consumo medio anual de carne por persoa?

*Se estima en $8 \cdot 10^9$ personas la población mundial del año pasado. Si la producción mundial anual de carne del pasado año fue de $3{,}6 \cdot 10^{11}\,kg$ , ¿cuál fue el consumo medio anual de carne por persona?*

**A** 4,5 kg/ano.
*4,5 kg/año.*

**B** 28 kg/ano.
*28 kg/año.*

**C** 45 kg/ano.
*45 kg/año.*

**12.** Na miña próxima viaxe en avión o meu asento será asignado de xeito aleatorio pola compañía aérea. Se o avión dispón de 3 fileiras de pasaxeiros a cada lado do corredor, cal é a probabilidade de que o meu asento se atope á beira do corredor?

*En mi próximo viaje en avión mi asiento será asignado de manera aleatoria por la compañía aérea. Si el avión dispone de 3 hileras de pasajeros a cada lado del pasillo, ¿cuál es la probabilidad de que mi asiento se encuentre al lado del pasillo?*

**A** p=1/6

**B** p=1/3

**C** p=1/2



**13.** No gráfico pódese ver a evolución da choiva no mes de outubro en Galicia durante o período 1994-2000. En que ano se atopa a mediana dos valores das precipitacións acumuladas?

*En el gráfico puede verse la evolución de la lluvia en el mes de octubre en Galicia durante el período 1994-2000. ¿En qué año se encuentra la mediana de los valores de las precipitaciones acumuladas?*

**A** 1997

**B** 1995

**C** 1994




**14.** A seguinte gráfica amosa o prezo que cobra unha empresa de limpeza por cada hora de traballo. Determine que afirmación é a correcta.

*La siguiente gráfica muestra el precio que cobra una empresa de limpieza por cada hora de trabajo. Determine qué afirmación es la correcta.*




**A** Cobra polo desprazamento un prezo fixo de 16 € e por cada hora de traballo 20 €.
*Cobra por el desplazamiento un precio fijo de 16 € y por cada hora de trabajo 20 €.*

**B** Non cobra o desprazamento pero cobra 36 € por cada hora de traballo.
*No cobra el desplazamiento pero cobra 36 € por cada hora de trabajo.*

**C** Cobra polo desprazamento un prezo fixo de 20 € e por cada hora de traballo 16 €.
*Cobra por el desplazamiento un precio fijo de 20 € y por cada hora de trabajo 16 €.*

**15.** Un rombo e un rectángulo teñen o mesmo perímetro. O lado do rombo é de 30 cm e a base do rectángulo de 40 cm. Calcule a altura do rectángulo.

*Un rombo y un rectángulo tienen el mismo perímetro. El lado del rombo es de 30 cm y la base del rectángulo de 40 cm. Calcule la altura del rectángulo.*

**A** 15 cm

**B** 20 cm

**C** 30 cm

**16.** Calcule a área da superficie exterior dun envase de iogur, sen tapa, con forma de cono truncado, sabendo que a súa xeratriz mide 61 mm e os raios das súas bases son 25 mm e 36 mm (área lateral do cono truncado: $A_L = \pi(R + r)\,g$ , sendo r e R os raios das bases).

*Calcule el área de la superficie exterior de un envase de yogur, sin tapa, con forma de cono truncado, sabiendo que su generatriz mide 61 mm y los radios de sus bases son 25 mm y 36 mm (área lateral del cono truncado: $A_L = \pi(R + r)\,g$ , siendo r y R los radios de las bases).*

**A** $A = \pi(61^2 + 2 \cdot 25)\, mm^2$

**B** $A = 14400\, mm^2$

**C** $A = \pi(61^2 + 25^2)\, mm^2$




**17.** Calcule a altura do cono sabendo que a súa xeratriz mide 13 cm e o diámetro da súa base é 10 cm.

*Calcule la altura de un cono sabiendo que su generatriz mide 13 cm y el diámetro de su base es 10 cm.*

**A** Altura= 9 cm

**B** Altura= 15 cm

**C** Altura= 12 cm



**18.** No gráfico pódese ver a evolución da choiva no mes de outubro en Galicia dos últimos anos. A media das precipitacións amosadas é 170 L/m$^2$. Cal é a afirmación correcta?

*En el gráfico puede verse la evolución de la lluvia en el mes de octubre en Galicia de los últimos años. La media de las precipitaciones mostradas es 170 L/m$^2$. ¿Cuál es la afirmación correcta?*




**A** O último mes de outubro foi moi húmido e a precipitación rexistrada foi un 115 % superior ao valor climático medio.

*El último mes de octubre fue muy húmedo y la precipitación registrada fue un 115 % superior al valor climático medio.*

**B** O mes de outubro de 2017 foi seco e a precipitación rexistrada foi un 20 % superior ao valor climático medio.

*El mes de octubre de 2017 fue seco y la precipitación registrada fue un 20 % superior al valor climático medio.*

**C** O mes de outubro de 2016 foi húmido, sendo a precipitación superior ao valor climático medio.

*El mes de octubre de 2016 fue húmedo, siendo la precipitación superior al valor climático medio.*

## 19. A que corpo xeométrico corresponde o seguinte desenvolvemento plano?

*¿A qué cuerpo geométrico corresponde el siguiente desarrollo plano?*



**A** Prisma hexagonal.

**B** Tronco de pirámide.

**C** Octaedro.

## 20. Calcule un dos ángulos interiores dun pentágono regular.

*Calcule uno de los ángulos interiores de un pentágono regular.*



**A** 112º

**B** 108º

**C** 142º

# 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | X | | | |
| 2 | | X | | |
| 3 | X | | | |
| 4 | | X | | |
| 5 | | X | | |
| 6 | X | | | |
| 7 | | X | | |
| 8 | | | X | |
| 9 | X | | | |
| 10 | | | X | |
| 11 | | | X | |
| 12 | | X | | |
| 13 | | | X | |
| 14 | X | | | |
| 15 | | X | | |
| 16 | | | X | |
| 17 | | | X | |
| 18 | X | | | |
| 19 | X | | | |
| 20 | | X | | |

| | |
|---|---|
| N.º de respostas correctas (C) | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,10 | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.**
**As respostas en branco non descontarán puntuación.**